PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21768
Data envio: 15/09/2021 14:08:08.131

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa da Comisión 6ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto eólico promovido pola empresa Green Capital Power en Troitomil, nos concellos da Baña e Negreira, e a implantación dun novo modelo eólico para Galicia (doc núm. 12703), incluída na orde do día da sesión da Comisión 6ª, prevista para o día 16 de setembro de 2021.

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

1º) O Parlamento de Galicia acorda rexeitar a implantación abusiva de parques eólicos, así como das súas infraestruturas no concello da Baña e comarca e trasladar á Xunta de Galicia este acordo.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a pactar cos concellos e comunidades rurais, un novo modelo eólico para Galicia, que supoña unha aposta pola democratización do sector, elaborando un novo plan sectorial eólico de Galicia, e modificando a lexislación actual, cos obxectivos de mellorar:

a) Os mecanismos de transparencia da administración autonómica na información e xestión dos proxectos eólicos.

b) Os instrumentos de participación e colaboración da Xunta de Galicia coa cidadanía e municipios afectados pola instalación destas infraestruturas.

c) O equilibrio nas negociacións entre propietarios e promotores eólicos.

d) As fórmulas de repercusión económica destas instalacións nos concellos e nas comunidades rurais.

e) A defensa do patrimonio ambiental, cultural e patrimonial do noso territorio e a calidade de vida dos veciños que se sitúan no entorno dun parque eólico, modificando a distancia mínima necesaria entre os muíños

CSV: REXISTROzCUVODpfG4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21768
Data envio: 15/09/2021 14:08:08.131

e as vivendas, que agora son 500 metros, pero que na actualidade con muíños que son ata catro veces máis elevados que os que existían hai uns anos, deberan seguir un criterio utilizado en moitos países europeos, cunha distancia mínima determinada pola altura do mastro do eólico máis próximo.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 15/09/2021 14:06:05

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/09/2021 14:06:21

CSV: REXISTROzCUVODpfG4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/